

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE XUÑO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de xuño de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Podereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a rectificación de error no acordo número 5/504 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 21 de outubro de 2020, relativo a caducidade da licenza urbanística número 551/2012 para contruír un edificio na rúa Lamas de Prado esquina rúa Mondoñedo. (Expte: 2020/Y008/00002).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude presentada na que insta a rectificación da liquidación núm. 9234600 (275/2019) xirada en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e de imposto sobre construcións, instalacións e obras pola reforma interior de vivenda sita na praza Mártires de Carral, 1-2º, por non aplicarse a bonificación establecida para as obras que se realicen dentro da zona PEPRI.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de vehículo furgon I1H1 para a brigada municipal de vías e obras e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021/C004/000019.

Acórdase a adxudicación da contratación da obra "Pavimentacion de vias nas Gándaras" Exp. ref. 2021-C002-000023.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de reurbanización de la ronda de la Muralla. Zona Sur. Tramo puerta de Santiago-calle Vilalba. Exp.

ref. 2021/C002/000026.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación dos seguros de responsabilidade civil patrimonial (lote 1) danos a bens mobles e inmobles (lote 2), e responsabilidade de altos cargos e empregados públicos do excmo. Concello de Lugo (lote 3) e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2021/C003/000030.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 21/06/2021 ata o 20/06/2022 na contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo. (Exp. ref. 2018-72).

4. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do concello.

5. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo xefes/as de negociado.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

6. PLANEAMENTO.- Acórdase a toma de razón da aprobación inicial por silencio administrativo positivo e adopción dos trámites subseguintes no expediente do plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-1.I (Coeses-Cuiña).

7. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para construción de planta primeira e reforma de nave industrial con licenzas 138/2017 e 348/2018 para uso deportivo de entramento de alta intensidade, na rúa María Barbeito 4, (vial B, parcela P.4.4) P.E. as Gándaras. (expte: 2020/Y001/000197).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para modificación na execución da obra de rehabilitación e ampliación de dúas edificacións tradicionais adosadas, con licenza 504/15, para unha vivenda unifamiliar, consistente en cambios na traza dos muros exteriores, na apertura de ocios e carpintería dos mesmos, na cuberta e na distribución interior, na rúa San Eufrasio, números 129-131. (Expte: 251/16).

Do mesmo xeito, acórdase a concesión das licenzas urbanísticas: para modificacións en execución de obra con licenza 326/19, para campamento turístico con cabañas de madeira, consistente en cambios de adaptación ó terreo e reformas nas cabañas e división en fases do proxecto: fase 1: acondicionamento do terreo, edificio de recepción e Cabañas 1, 2 e 3, fase 2.- Cabaña 4. no Camiño das

Abelairas s/n, o Veral. (expte: 2021/Y001/000037 e para construción de vivenda unifamiliar na rúa Veterinario Xoán Rico Pérez, no nucleo rural 59.9, (Xuíz Sur). (Expte: 2020/Y001/000226).

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 25 de xuño de 2020, en relación coa licenza urbanística para construción de edificio na avda. Coruña esquina Camiño de Pipín. (Expte: 252/18).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.